




Como ben sabedes, estámonos achegando ao fin de curso. Algúns de vós, fostes moi traballadores/as e xa entregastes todas (ou case todas) as actividades. Os/as que non puidestes rematalas aínda, animámosvos a que o fagades esta semana. Por iso, para non cargarvos máis de tarefas escritas, enviámosvos unha proposta diferente.

A continuación, presentámosvos diferentes curtas (vídeos de pouca duración) que debes visualizar e logo reflexionar sobre eles valéndovos das anotacións/ preguntas que vos poñemos sobre cada un.


Na próxima clase de webex, que será o **venres 12 ás 11 da mañá**, faremos un debate sobre estas curtas, así que estade moi atentos a eles. Incluso, se quedas máis seguro, podes facer pequenas anotacións sobre elas, para que así cando as comentemos te lembres de todo o que queres compartir cos teus compañeiros e compañeiras.

Dado que cadaquén ten unhas condicións diferentes para visualizar estes vídeos, podedes facelo de dous xeitos:

- Simplemente picando sobre a imaxe do vídeo (se estas visualizando este documento nun dispositivo con conexión á rede: Móbil, tablet, ordenador...)

- Entrando en  e escribindo no buscador o texto que vos incluímos en cada caso nas imaxes, que está rodeado cunha **circunferencia vermella**.

HISTORIA DUN OURIZO




Propostas para a reflexión e orientacións sobre a curta:

- Pensa no significado de integración e segregación.
- Reflexiona como se sentiría o ourizo e como actuaron os demais con el.



FACER ALGO COMO UNHA NENA


What does it mean to do something “as a girl”? (Que significa facer algo “como unha nena”?)



Propostas para a reflexión e orientacións sobre a curta:

- Propostas para reflexión: Estereotipos. Facer cousas como unha nena é algo positivo.
- Que pensarías se che dixeran que fas algo “como unha nena”?
- Cambiou algo a túa opinión despois de ver este vídeo?

VENDEDOR DE FUME.




Propostas para a reflexión e orientacións sobre a curta:

- Sabedes o que significa a expresión vender fume?
- Como consegue o vendedor que a xente o atenda?
- Cres que realmente precisaban o que el lles vende? Son cousas reais? Eles/as cren que son reais?
- Vai a ser a xente máis feliz ao final da historia? Vai ser o vendedor máis feliz?
- Que cres que debeu facer a xente cando o vendedor intentou venderlles fume?




O HOME ORQUESTRA



Propostas para a reflexión e orientacións sobre a curta:

- A que valor pode corresponder: compartir ou rivalidade?
- Traballar con outras persoas para conseguir unha cousa.
- Enfadarse con alguen por querer conseguir o mesmo.

FOR THE BIRD



Propostas para a reflexión e orientacións sobre a curta:

- Por que prexudicamos aos demais? Prexudicándoos a eles/as, prexudícome eu mesmo.
- Por que cres que os paxaros pequenos non aceptan ao grande?
- Que che parece a actitude dos paxaros pequenos? Que che parece a actitude da do paxaro grande?
- Pensan no que vai pasar antes de picar ao paxaro grande ou so queren facerlle dano?
- Que pasa ao final? Quen sae máis prexudicado?